Circular Novembro 2019

2019-11-04

En Ourense a 29 de Outubro do 2019.

SEGUNDO PRAZO RENTA 2018

Recordamoslles que na data 05/11/2019 será cargado o segundo prazo da renda do exercicio 2018, daqueles que solicitaron fraccionamento do pago.

FACTURAS SIMPLIFICADAS(Tickets)

—

A AEAT está a facer unha campaña de control das empresas que están obrigadas a realizar Tickets(facturas simplificadas) para saber si os que se emiten e entregan os clientesson os que se declaran nos libros e nasa utoliquidacións.

Recordamos a obriga de manter estas facturas ou tickets durante os catro anos seguintes dende que se realiza a declaración do exercicio. A dia de hoxe están obrigados a manter as do exercicio 2015,2016,2017 e 2018.

PECHE CONTABLE 2019

—

Convén que vaian facendo as estimacións das facturas pendentes de emitir e de recibir do presente ano para ir preparando o peche contable do exercicio 2019.

A AEAT cada vez está máis esixentenas contas e nas comprobacións e a inspección está a solicitar o INVENTARIO DE FIN DE ANO das actividades para logo intentar estudar e comprobar si cadran as contas.

Recordamos que deben de ser rigurosos na xestión da actividade e deben de coidar que todas as compras que realizan deben de sair como ventas ou estar no inventario de existencias. Esta fórmula é de importancia máxima para que poidan concordar todos os datos contables.

No caso das sociedades deben enviarnos os extractos bancarios ata o 31/10/2019 para poder axustar as contabilidades.

BAIXA DE TRIBUTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA 2020

_

No proxecto dos orzamentos para 2020 está prevista unha rebaixade impostos que poden ser de interés para telos en conta:

- A exención por herdeiro (pactos de mellora) pasa de 400.000 á 1.000.000 € sin vivenda habitual e entre familiares directos(pais, fillos e cónxuxes).
- A vivenda habitual de segunda mán sita no rural pasa do 7% o 5% do valor.
- Resto de vivendas de segunda man sitas no rural pasa do 10% o 6% do valor.
- Ampliase de 4º a 7º xeneración dos beneficios fiscais daherdanza de empresas familiares.

ENVIO DE DOCUMENTOS

_

Enviamos informe laboral correspondenteao 3º T 2019.

Sen outro particular, aproveitamos para enviarlles un saúdo.

ASESORIA BIEITO,S.L.